

interpoñer recurso potestativo de reposición perante o/a titular da Secretaría Xeral de Política Lingüística, no prazo dun mes, que se contará a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 4/1999, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, segundo dispoñen os artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Disposición derradeira

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 22 de xullo de 2008.

María Sol López Martínez
Secretaria xeral de Política Lingüística

ANEXO I

Relación de admitidos

Nº	Apelidos e nome	Universidade/s solicitada/s (orde de preferencia)			
		1º	2º	3º	4º
1	Alfonso Rivero, Diego	Heidelberg	Padua	Roma	Algarve
2	Álvarez Moldes, Débora	Barcelona	Minho	Complutense de Madrid	Algarve
3	Barreira Barreira, Zeltia	Deusto	Barcelona	Granada	Minho
4	Bernal Rico, Diego	Algarve	Minho		
5	Canal Covelo, Mª Asunción	Complutense de Madrid			
6	Cendán Rojo, María	Padua			
7	Conde Blanco, Mª de los Angeles	Deusto			
8	Cuns Martínez, Javier	Granada	Murcia	Minho	Barcelona
9	Díaz Rodríguez, Eva	Roma	Heidelberg	Padua	
10	Domínguez Barja, Mónica	Barcelona			
11	Duarte Collazo, Silvia	Heidelberg			
12	Escourido Pernas, Ana Belén	Roma	Barcelona	Minho	Heidelberg
13	Feijóo García, Jorge	Heidelberg	Roma		
14	Fernández Fernández, Isaac	Deusto			
15	Iglesias Mira, Antonio	Algarve	Minho		
16	Juane Verísimo, Xosé Manoel	Heidelberg	Roma	Padua	Algarve
17	Neira Rodríguez, Marta	Minho			
18	Otero Fernández, Vanesa	Complutense de Madrid	Deusto	Barcelona	Granada
19	Otero González, Sergio	Heidelberg			
20	Paramá Ferreiro, Natividad	Minho	Deusto	Complutense de Madrid	
21	Parrado Freire, Alexandre Gaiferos	Deusto			
22	Piñeiro Fernández, Raúl	Minho	Algarve		
23	Rodo Montes, Inés	Barcelona	Minho		
24	Sanjurjo Rodríguez, Gema	Deusto	Granada	Minho	Algarve
25	Valiño Bouzas, Eva	Granada			
26	Vázquez Pereira, Gonzalo	Roma	Barcelona	Minho	Algarve

ANEXO II

Relación de excluídos

Nº	Apelidos e nome	Motivo
1	Otero Fernández, Vanesa	Non presentarse á fase de entrevista
2	Valiño Bouzas, Eva	Non presentarse á fase de entrevista

ANEXO III

Adxudicación de lectorados

Universidade	Apelidos e nome	NIF
Complutense de Madrid	Canal Covelo, María Asunción	53174078X
Barcelona	Escourido Pernas, Ana Belén	46902004J
Granada	Cuns Martínez, Javier	47354440Q
Deusto	Parrado Freire, Alexandre Gaiferos	46909881R
Murcia	Piñeiro Fernández, Raúl	34997209H
Heidelberg	Alfonso Rivero, Diego	35569759Y
Algarve	Iglesias Mira, Antonio	32810690V
Minho	Rodo Montes, Inés	46905293J
Padua	Cendán Rojo, María	76575392C
Roma	Díaz Rodríguez, Eva	44449699Z

Resolución do 31 de xullo de 2008, da Secretaría Xeral de Emigración, pola que se regula a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións para a realización de actividades informativas destinadas ás colectividades e emigrantes galegos no exterior durante o ano 2008.

O Estatuto de autonomía de Galicia no seu título preliminar recoñécelles ás comunidades galegas asentadas fóra de Galicia o dereito a colaborar e compartir a vida social e cultural do pobo galego. A Lei 4/1983, do 15 de xuño, de recoñecemento da galegitude, establece no artigo 9 que a comunidade autónoma, no marco da cooperación social e cultural coas comunidades galegas, fomentará a produción, distribución e intercambio de programas de radio e televisión.

Á Secretaría Xeral de Emigración, órgano dependente da Presidencia da Xunta de Galicia, correspóndenlle, entre outras, as competencias en materia de desenvolvemento da Lei 4/1983, do 15 de xuño, de recoñecemento da galegitude, as relacións coas comunidades galegas no exterior, así como a programación de actividades dirixidas á promoción e difusión da cultura galega e ao recoñecemento da realidade actual de Galicia no exterior.

A disposición adicional segunda do Decreto 44/2006, do 2 de marzo, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, desconcentra no secretario xeral de Emigración a competencia para a aprobación das bases, a convocatoria e a resolución das axudas e subvencións do seu respectivo ámbito de competencia.

A Secretaría Xeral de Emigración a prol de manter e promocionar a cultura galega no exterior, nas súas distintas manifestacións e potenciar o coñecemento da nosa realidade actual, considera esencial promover a realización de diferentes activida-

des no eido da información, a través dos distintos medios de comunicación, xa que, na sociedade actual, os medios de comunicación constitúen un instrumento fundamental para conseguir estes obxectivos e para alcanzar unha sociedade máis informada e plural.

As bases reguladoras e a convocatoria das subvencións previstas nesta resolución axústanse ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime das axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia no que non se opoña a esta, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, naqueles preceptos que sexan básicos, na Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e a normativa que a desenvolve.

O financiamento das axudas previstas nesta resolución de convocatoria farase con cargo ao crédito do programa 04.50.312C.226.07 que figura na Lei 16/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008.

En virtude do exposto, e no exercicio das competencias atribuídas pola disposición adicional segunda do Decreto 44/2006, do 2 de marzo, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, e de conformidade co disposto no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia,

RESOLVO:

Artigo 1º.-*Obxecto e convocatoria.*

Esta resolución ten por obxecto financiar a realización de actividades en radio, televisión e medios informativos dixitais que promovan a nosa cultura nas súas distintas manifestacións e un mellor coñecemento da realidade do noso país e que teñan como destinatarios as colectividade e emigrantes galegos no exterior.

Así mesmo, mediante esta resolución, procédese á convocatoria para o financiamento destas actividades no ano 2008.

Artigo 2º.-*Actuacións subvencionables.*

Atendendo ao obxecto sinalado no artigo anterior poderanse subvencionar, sempre que teñan unha proxección exterior, as seguintes actividades:

-Produción e realización de programas radiofónicos ou televisivos dirixidos á Galicia exterior.

-Actividades relacionadas co xornalismo dixital dirixidas á Galicia exterior.

Artigo 3º.-*Beneficiarios.*

1. Poden solicitar e recibir subvencións as persoas físicas e xurídicas, nacionais ou estranxeiras, que

sexan titulares de medios de comunicación social ou que promovan ou realicen iniciativas en materia de comunicación social, en que non sexa maioritaria, individual ou conxuntamente, a participación dunha ou diversas administracións públicas, que promovan ou realicen iniciativas en materia de comunicación social.

2. Cando o beneficiario sexa unha persoa xurídica, as persoas que forman parte como membros e que se comprometan a levar a cabo a totalidade ou unha parte da actividade que fundamente a concesión da subvención en nome e por conta da persoa xurídica, tamén terán a condición de beneficiario. En todo caso, a persoa xurídica ten que designar unha persoa responsable da actividade.

3. Non poden ser beneficiarias das subvencións as persoas, as entidades ou as asociacións nas cales conorra algunha das prohibicións establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 4º.-*Contía e orzamento.*

As axudas destinaranse a cubrir os gastos derivados da realización de actividades informativas programadas. Para a concesión destas axudas resérvase inicialmente un crédito total de 50.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 04.50.312C.226.07, actuacións derivadas da Lei de galeguidade, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008, que poderá incrementarse en función das dispoñibilidades orzamentarias.

Artigo 5º.-*Solicitudes e prazo de presentación.*

1. As solicitudes, xunto coa documentación correspondente, presentaranse no rexistro xeral da Secretaría Xeral de Emigración ou por calquera dos medios previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, segundo modelo oficial que se publica como anexo I a esta resolución, e que se atopa á disposición dos interesados nas dependencias da Secretaría Xeral de Emigración e na súa páxina web www.galiciaaberta.com.

As solicitudes e a documentación correspondente remitiranse á Secretaría Xeral de Emigración, rúa Basquiños, número 2, 15704, Santiago de Compostela (A Coruña).

2. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Entenderase como último día de prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día de prazo así entendido fose inhábil, o prazo prorrogarase ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non houberese día equivalente a aquel a partir do cal se inicie o cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

Se a solicitude non estivese debidamente cuberta ou non se achegase a documentación exixida, a

Secretaría Xeral de Emigración requirirá o interesado, mediante a súa publicación no taboleiro de anuncios da Secretaría Xeral de Emigración (rúa Basquiños, 2; 15704 Santiago de Compostela) e na páxina web galiciaaberta.com, para que, nun prazo máximo de dez días hábiles contados a partir do da publicación, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, se entenderá por desistido da súa petición, de conformidade co disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, logo de resolución ditada nos termos previstos no artigo 42 da citada Lei 30/1992. Igualmente, procederá a súa comunicación ao enderezo de correo electrónico que se indique na solicitude e entenderase cumprido este trámite coa realización da comunicación nun só intento. Así mesmo, debe significarse que o prazo de dez días para emendar a falta ou achegar os documentos se computa desde a publicación do requirimento e non desde a súa comunicación.

Artigo 6º.-Documentación, consentimentos e autorizacións.

1. As solicitudes, presentadas conforme o disposto no artigo anterior, deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

a) Fotocopia compulsada do CIF, NIF ou identificación fiscal equivalente.

b) Se se trata de persoas xurídicas, o documento de constitución e os seus estatutos e documento acreditativo da inscrición da entidade no rexistro correspondente, cando esta sexa necesaria e acreditación da representación en virtude da cal actúa o asinante da solicitude.

c) Declaración responsable do solicitante de que cumpre os requisitos para obter a condición de beneficiario da axuda establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia segundo o modelo recollido como anexo II desta resolución.

d) Declaración do conxunto de axudas solicitadas -tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentas de resolución- para as mesmas accións para as que se solicita a subvención, das distintas administracións públicas competentes ou calquera outro organismo, ente ou sociedade, tanto público como privado, ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións segundo o modelo recollido como anexo III desta resolución.

e) Certificado ou acreditación, expedida por entidade bancaria onde, de ser o caso, se fose facer o pagamento da axuda, da titularidade da conta en que conste o código de banco, código de sucursal, dñxito de control e código de conta corrente.

f) Memoria descritiva do proxecto ou actividade para realizar indicando:

-Unha descrición do contido ou das actuacións que a integran.

-A xustificación da transcendencia e a súa repercusión social.

-O orzamento detallado dos gastos, co IVE ou outro imposto similar desagregado.

-Descrición dos recursos humanos e materiais que se destinarán ao proxecto ou actividade.

-Informe do ámbito territorial de influencia e grao de difusión do medio utilizado para a realización da actividade.

g) Acreditación da traxectoria profesional do solicitante.

h) Para o caso de persoas físicas ou xurídicas estranxeiras, certificación ou documento acreditativo de ter o seu domicilio fiscal no estranxeiro e declaración responsable de non ter débedas pendentes coa Administración tributaria estatal e autonómica, así como coa Seguridade Social segundo o modelo que se insire no anexo I da solicitude.

i) A Secretaría Xeral de Emigración poderá solicitar calquera outra documentación ou aclaración que considere necesaria para a correcta valoración das solicitudes.

2. A presentación da solicitude de concesión desta axuda polo interesado comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deba emitir a Axencia Estatal Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, de conformidade co establecido no artigo 20.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, acreditándose este extremo antes da proposta de resolución, segundo o artigo 11 e) desta mesma lei.

3. De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, o solicitante presta o seu consentimento para incluír e facer públicos, no rexistro público de axudas, subvencións e convenios e no rexistro público de sancións, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como as sancións impostas.

Os datos referidos integrarán un ficheiro cuxo responsable será a Consellería de Economía e Facenda, ante quen se poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

Agás nos casos sinalados no artigo 9.4º do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos, a non autorización da obtención de datos ou a súa publicidade poderá dar lugar á exclusión do proceso de participación para obter a axuda ou subvención ou, se procede, ao reintegro do importe concedido.

De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, a Secretaría Xeral de Emigración publicará na súa páxina web

www.galiciaaberta.com a relación de beneficiarios, o importe das axudas concedidas e a identificación da normativa reguladora.

Igualmente, segundo o disposto no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Secretaría Xeral de Emigración publicará no *Diario Oficial de Galicia*, as subvencións concedidas a través desta convocatoria cuxo importe sexa igual ou superior a 3.000 €, indicando o programa, crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención.

Por isto, a presentación da solicitude leva consigo a autorización para o tratamento necesario de datos dos beneficiarios que se fará segundo o establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Artigo 7º.-*Órganos competentes.*

A ordenación e instrución do procedemento corresponderalle ao xefe de Servizo de Tramitación de Axudas aos Centros e Comunidades Galegas da Subdirección Xeral de Centros e Comunidades Galegas.

O órgano competente para resolver as solicitudes de axudas e subvencións presentadas con base nesta resolución será o secretario xeral de Emigración.

Artigo 8º.-*Criterios de valoración.*

A Secretaría Xeral de Emigración avaliará as solicitudes presentadas en función dos criterios seguintes:

a) Recursos humanos e materiais que se destinaran ao proxecto ou actividade. Valorarase o número de efectivos que vai a destinar ao proxecto e o perfil do equipo humano así como a calidade do material: 35 puntos.

b) Traxectoria profesional do solicitante. Valóranse os traballos realizados que estean relacionados co obxecto da subvención, así como a súa calidade: 25 puntos.

c) Ámbito territorial de influencia e grao de difusión do medio utilizado para a realización da actividade: 20 puntos.

d) O carácter singular ou innovador da actividade ou proxecto que se vai realizar, tendo en conta a audiencia e o ámbito territorial en que se desenvolve: 10 puntos.

e) Emprego do idioma galego: este extremo acreditarase mediante unha declaración-compromiso de utilización da lingua galega: 10 puntos.

Artigo 9º.-*Procedemento de concesión da subvención.*

1. O procedemento para a tramitación e concesión das axudas que se convocan mediante esta resolución axustarase ao previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. As solicitudes someteranse a un réxime de

concorrenza competitiva tal como recolle a citada Lei de subvencións de Galicia. Estas axudas terán a consideración de mínimos ao abeiro do Regulamento (CE) nº 1998/2006 da Comisión do 15 de decembro de 2006 relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas de mínimos (DOUE L 379, 28/15/2006).

2. Os expedientes serán avaliados por un órgano colexiado que formulará a correspondente proposta de concesión ao órgano concedente a través do órgano instrutor. O citado órgano colexiado estará formado por tres funcionarios da Subdirección Xeral de Centros e Comunidades Galegas. O órgano colexiado avaliará as solicitudes segundo os criterios obxectivos establecidos nesta resolución.

Artigo 10º.-*Resolución.*

1. O secretario xeral de Emigración, á vista da proposta, ditará as correspondentes resolucións que deberán estar sempre motivadas. Todas as resolucións serán notificadas de acordo co establecido no artigo 58 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Porén, de conformidade co establecido no artigo 59.6ºb) desta lei, poderase substituír a notificación individual pola publicación no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web da Secretaría Xeral de Emigración (www.galiciaaberta.com). Nesta publicación especificarase a data da convocatoria, beneficiario, importe concedido e finalidade da axuda outorgada. As solicitudes desestimadas notificaranse individualmente con indicación das causas da desestimación.

2. O prazo máximo para resolver será de tres meses, que comezarán a contar desde a data de publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. Transcorrido o devandito prazo sen que se ditasen as resolucións expresas, poderán entenderse desestimadas as solicitudes, de acordo co establecido nos artigos 1 e 2 da Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Non obstante, as actividades obxecto destas axudas deberán realizarse con anterioridade ao 31 de decembro de 2008.

3. As resolucións que se ditan neste procedemento esgotan a vía administrativa, e contra elas cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que as ditou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao de recepción da correspondente notificación, no caso de resolucións expresas, no prazo de 3 meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se entenda producido o acto presunto, no caso de resolucións desestimadas por silencio administrativo, de acordo co disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Así mesmo, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da recepción da correspondente notificación, no caso de resolucións expresas, ou no prazo de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se entenda producido o acto presunto, no caso de resolucións desestimadas por silencio administrativo, de acordo co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Artigo 11º.-*Aceptación da subvención.*

Sen prexuízo dos recursos que procedan contra as resolucións, transcorridos 15 días naturais desde a súa notificación ou publicación, sen que o interesado comunique expresamente a súa renuncia á subvención, entenderase que a acepta adquirindo a condición de beneficiario.

A renuncia á subvención farase de forma expresa por calquera medio que permita a súa constancia segundo o establecido no artigo 91 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 12º.-*Gastos subvencionables.*

1. Son gastos subvencionables aqueles gastos correntes que respondan á natureza da actividade subvencionada, tales como estudos, traballos técnicos, desprazamentos, traballos realizados por empresas ou outras persoas, aluguer, e demais gastos correntes necesarios para o desenvolvemento da actividade obxecto de subvención. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables pode ser superior ao do mercado.

2. Son subvencionables os gastos xerais da actividade do solicitante; pero só a porcentaxe que lle corresponda ao proxecto ou actividade que sexa obxecto de subvención, dentro do total dos mencionados gastos xerais.

Artigo 13º.-*Xustificación e pagamento.*

1. A acción subvencionada deberá ser executada durante o ano 2008.

2. Antes de proceder ao pagamento do importe da subvención concedida, os beneficiarios de axudas deberán remitirle á Secretaría Xeral de Emigración, con data límite do 15 de decembro de 2008, a seguinte documentación xustificativa:

a) Memoria xustificativa en que conste a descrición das actividades realizadas que foron financiadas coa subvención e o seu custo, coa desagregación de cada un dos gastos realizados.

b) Factura ou facturas acreditativas dos gastos subvencionables e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa. Estas facturas deberán presentarse ben en documento orixinal ou ben en fotocopia debidamente cotexada. A acreditación dos gastos tamén

poderá efectuarse mediante facturas electrónicas, sempre que cumpran os requisitos exixidos para a súa aceptación no ámbito tributario. Cando os xustificantes dos gastos inclúan gastos xerais, debe especificarse a porcentaxe que significa a actividade subvencionada en relación coa totalidade das actividades que realiza o beneficiario.

Cando as actividades, ademais de coa subvención outorgada a través desta resolución, fosen financiadas con fondos propios ou con outras subvencións ou recursos, na xustificación ten que acreditarse o importe e a aplicación destes fondos nas actividades subvencionables.

c) Unha mostra da actividade realizada co correspondente informe de difusión.

d) Declaración do beneficiario ou do seu representante legal relativa ao feito de que se realizaron todas as actuacións indicadas na solicitude de subvención e que, polo tanto, se cumpriu a finalidade para que foi subvencionada.

e) Declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas -tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución- para as mesmas accións para as que se concedeu a subvención, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

Non obstante o anterior, para conseguir a maior operatividade deste tipo de axudas poderán acordarse pagamentos parciais ou efectuar anticipos dos importes concedidos ata a contía máxima permitida de acordo co establecido no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, suxeitos aos requisitos que na citada norma se establecen. O resto do importe librarase no momento de completar a xustificación por parte dos beneficiarios do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a axuda e demais condicións exixidas nesta resolución. No caso de tratarse de persoas físicas ou xurídicas estranxeiras, antes de proceder ao pagamento, terán que estar ao corrente das obrigas tributarias co Estado e Comunidade Autónoma, así como coa Seguridade Social. No caso de persoas físicas ou xurídicas estranxeiras, deberán achegar certificación ou documento acreditativo de ter o seu domicilio fiscal no estranxeiro e declaración responsable de non ter débedas pendentes coa Administración tributaria estatal e autonómica, así como coa Seguridade Social

f) A Secretaría Xeral de Emigración poderá solicitar, en todo momento, calquera outra documentación que considere necesaria para a correcta xustificación da execución das actividades.

Artigo 14º.-*Compatibilidade das axudas.*

As axudas concedidas en virtude desta resolución serán compatibles con outras, calquera que sexa a súa natureza, Administración ou entidade que as conceda, sempre que a suma de todas elas non supere o custo total da actividade subvencionable. Para a determinación do cumprimento deste requisito, o beneficiario da axuda deberá infor-

mar no momento da solicitude e ao longo do ano 2008 de todas as axudas e subvencións que para o mesmo fin perciba de calquera entidade pública ou privada.

Artigo 15º.-Obrigas dos beneficiarios.

Con carácter xeral, os beneficiarios das axudas e subvencións convocadas por esta resolución quedan obrigados a:

a) Realizar o programa ou actividade que fundamenta a concesión da subvención.

b) Acreditar ante a entidade concedente a realización da actividade e o cumprimento dos requisitos e das condicións que determinen a concesión da axuda ou subvención.

c) Será obrigatoria a difusión do financiamento por parte da Secretaría Xeral de Emigración das actividades subvencionadas mediante as axudas recollidas nesta resolución nos actos, documentación e emisións que se realicen, por calquera medio, con motivo da actuación subvencionada.

d) Someterse ás actuacións de comprobación que a Secretaría Xeral de Emigración considere necesarias para o axeitado seguimento da actividade e ás de control financeiro que corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas de Galicia segundo a lexislación vixente na materia, facilitando o seu labor de fiscalización e control.

e) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso.

f) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

g) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 15 desta convocatoria e no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

h) As entidades beneficiarias de axudas deberán informar, inmediatamente, a Subdirección Xeral de Centros e Comunidades Galegas, sobre calquera eventualidade que altere ou dificulte o desenvolvemento da actividade subvencionada.

As entidades beneficiarias quedan obrigadas a facilitarlle á Secretaría Xeral de Emigración o exame das actividades subvencionadas, tanto na súa execución como con posterioridade ao seu remate, así como toda aquela información que lles sexa requirida, para o que garantirá o acceso ao persoal da secretaría xeral ao lugar das accións obxecto de subvención, ás contas e demais documentación relacionada coa actividade subvencionada que se estime oportuna.

Se, por calquera motivo, a actuación programada non se puidese realizar, deberáselle comunicar á Secretaría Xeral de Emigración, que poderá dispoñer do citado crédito para subvencionar proxectos

inicialmente non atendidos ou aumentar a axuda doutros subvencionados parcialmente.

Artigo 16º.-Graduación dos posibles incumprimentos.

1. Para cobrar o importe da subvención concedida deberá terse realizado o 100% da actividade, o proxecto ou o obxecto para o que se concedeu a subvención. Nos casos en que se realice parcialmente, reducirase proporcionalmente o importe da subvención en función do xustificativo, sempre que se cumpra a finalidade para a que se concedeu a subvención.

2. Non debe considerarse que incorre en incumprimento o beneficiario que realice parcialmente o proxecto ou a actividade que é obxecto de subvención por falta de financiamento propio, sempre que a actividade subvencionada sexa esencialmente divisible e poida considerarse cumprida a finalidade que fundamentou a concesión da subvención. Neste caso a contía da axuda inicialmente concedida poderá minorarse proporcionalmente ao investimento debidamente xustificativo.

Artigo 17º.-Modificación da resolución de concesión e reintegro.

Os beneficiarios das axudas quedan obrigados a comunicarlle á Secretaría Xeral de Emigración, no momento en que se produza, calquera alteración dos requisitos exixidos na convocatoria ou de circunstancias sobrevidas que impidan ou dificulten a execución das accións subvencionadas, e poderá a secretaría xeral adoptar a resolución de modificación da concesión ou de reintegro que corresponda.

Procederá o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exixencia dos xuros de mora, nos casos e nos termos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 18º.-Instrucións e aclaracións.

Correspóndelle ao secretario xeral de Emigración ditar cantas instrucións e aclaracións sexan precisas para o cumprimento e desenvolvemento desta resolución.

Artigo 19º.-Recursos.

Contra esta resolución, que é definitiva na vía administrativa, cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Así mesmo, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación, de acordo co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso administrativa.

Santiago de Compostela, 31 de xullo de 2008.

Manuel Luis Rodríguez González
Secretario xeral de Emigración



XUNTA DE GALICIA
 PRESIDENCIA
 Secretaría Xeral de Emigración

ANEXO I

PROCEDEMENTO SUBVENCIÓNS PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES INFORMATIVAS DESTINADAS ÁS COLECTIVIDADES E EMIGRANTES GALEGOS NO EXTERIOR	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO PR924I	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DO/A SOLICITANTE

NOME OU RAZÓN SOCIAL		NIF / CIF / IDENTIFICACIÓN FISCAL EQUIVALENTE	
ENDEREZO SOCIAL		PROVINCIA	CONCELLO
CÓDIGO POSTAL	LOCALIDADE	TELÉFONO	FAX
ENDEREZO ELECTRÓNICO			

E, na súa representación

APELLIDOS		NOME		NIF / IDENTIFICACIÓN FISCAL EQUIVALENTE	
DIRECCIÓN SOCIAL		PROVINCIA	CONCELLO		
CÓDIGO POSTAL	LOCALIDADE	TELÉFONO	ENDEREZO ELECTRÓNICO		

SOLICITUDE: AXUDAS PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES INFORMATIVAS DESTINADAS ÁS COLECTIVIDADES E EMIGRANTES GALEGOS NO EXTERIOR

DECLARACIÓN

DECLARO a veracidade de todos os datos contidos nesta solicitude e declaro que o/a solicitante está ao corrente nas súas obrigas tributarias coa comunidade autónoma e estatais, de ser o caso, así como coa Seguridade Social. Porén, de ser necesario, declaro que **autorizo** a Secretaría Xeral de Emigración para que solicite e consiga dos organismos correspondentes a información necesaria ao respecto.

Así mesmo, o/a solicitante declara que presta o seu consentimento para incluír e facer públicos, no rexistro público de axudas, subvencións e convenios e no rexistro público de sancións, creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como as sancións impostas.

Os datos referidos integrarán un ficheiro cuxo responsable será a Consellería de Economía e Facenda, ante quen se poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, a Secretaría Xeral de Emigración publicará na súa páxina web galiciaaberta.com a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas. Igualmente, segundo o disposto no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Secretaría Xeral de Emigración publicará no *Diario Oficial de Galicia* as subvencións concedidas a través desta convocatoria cuxo importe sexa igual ou superior a 3.000 €, indicando o programa, crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención polo que, a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web e no *Diario Oficial de Galicia* cando proceda.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Resolución do 31 de xullo de 2008, da Secretaría Xeral de Emigración, pola que se regula a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións para a realización de actividades informativas destinadas ás colectividades e emigrantes galegos no exterior durante o ano 2008.</i>	(Para cubrir pola Administración) RECIBIDO REVISADO E CONFORME 	NÚMERO DE EXPEDIENTE DATA DE ENTRADA ____/____/____ DATA DE EFECTOS ____/____/____ DATA DE SAÍDA ____/____/____
SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA _____, de _____ de _____		

ACTIVIDADE PARA A QUE SOLICITA A SUBVENCIÓN

PRODUCCIÓN E REALIZACIÓN DE PROGRAMAS RADIOFÓNICOS (BREVE DESCRICIÓN):

PRODUCCIÓN E REALIZACIÓN DE PROGRAMAS TELEVISIVOS (BREVE DESCRICIÓN):

ACTIVIDADES RELACIONADAS CO PERIODISMO DIXITAL (BREVE DESCRICIÓN):

FORMA DE PAGAMENTO

TRANSFERENCIA BANCARIA

XÚNTASE CERTIFICACIÓN BANCARIA: SI

NON (se xa foi enviada con anterioridade)

CUSTO DA ACTIVIDADE PARA A QUE SE SOLICITA A SUBVENCIÓN

	CONCEPTO	IMPORTE (EN EUROS)
A) CUSTO:		
1)	<input type="text"/>	<input type="text"/>
2)	<input type="text"/>	<input type="text"/>
3)	<input type="text"/>	<input type="text"/>
	TOTAL CUSTO ESTIMADO:	<input type="text"/>

A SOLICITUDE DA AXUDA PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE DEBE IR ACOMPAÑADA DA SEGUINTE DOCUMENTACIÓN:

- | | |
|--|--|
| <input type="checkbox"/> SOLICITUDE (ANEXO I) | <input type="checkbox"/> DECLARACIÓN CONXUNTO AXUDAS SOLICITADAS |
| <input type="checkbox"/> FOTOCOPIA CIF, NIF OU IDENTIFICACIÓN FISCAL EQUIVALENTE | <input type="checkbox"/> CERTIFICACIÓN BANCARIA |
| <input type="checkbox"/> COPIA COMPULSADA ESTATUTOS (PERSOAS XURÍDICAS OU AGRUPACIÓNS) | <input type="checkbox"/> COMPROMISO DE EXECUCIÓN E IMPORTE (AGRUPACIÓNS) |
| <input type="checkbox"/> ACREDITACIÓN INSCRIPCIÓN NO REXISTRO CORRESPONDENTE (DE SER O CASO) | <input type="checkbox"/> DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTE (AGRUPACIÓNS) |
| <input type="checkbox"/> DECLARACIÓN DE NON INCORRER EN INCOMPATIBILIDADE | <input type="checkbox"/> MEMORIA DESCRIPTIVA DO PROXECTO OU ACTIVIDADE |
| | <input type="checkbox"/> TRAXECTORIA PROFESIONAL DO SOLICITANTE |

ANEXO II

DECLARACIÓN DE NON INCORRER EN PROHIBICIÓN PARA OBTENIR A CONDICIÓN DE BENEFICIARIO

PERSOA QUE REALIZA A DECLARACIÓN

CONVOCATORIA: AXUDAS PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES INFORMATIVAS DESTINADAS ÁS COLECTIVIDADES E EMIGRANTES GALEGOS NO EXTERIOR.

Quen abaixo asina declara que non se atopa incurso/a en ningunha causa de prohibición para obter a condición de beneficiario/a, consonte o establecido no artigo 10.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

_____ , de _____ de _____

Asdo.:

ANEXO III

DECLARACIÓN DE AXUDAS

PERSOA QUE REALIZA A DECLARACIÓN

CONVOCATORIA: AXUDAS PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES INFORMATIVAS DESTINADAS ÁS COLECTIVIDADES E EMIGRANTES GALEGOS NO EXTERIOR.

Quen abaixo asina DECLARA (sinalar cun X o que proceda):

Que non ten solicitadas ou concedidas outras axudas ou subvencións para a mesma finalidade, distintas da solicitada á Secretaría Xeral de Emigración da Xunta de Galicia.

Que ten solicitadas ou concedidas as axudas ou subvencións para a mesma finalidade dos organismos que se indican a continuación:

CONVOCATORIA (1)	ORGANISMO	CÓDIGO EXPEDIENTE (2)	S/C/P (3)	DATA	IMPORTE
			▼		
			▼		
			▼		

(1) Indíquese a orde ou resolución de convocatoria da axuda.
 (2) De non coñecerse o código do expediente, reflectir o programa ou liña de axudas do organismo.
 (3) Indicar a situación actual da axuda: S (solicitada), C (concedida), P (pagada).

_____ , de _____ de _____

Asdo.: